



CONVOCATORIA PARA AS ELECCIÓNS DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa resolución do 20 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa da Consellería de Educación (D.O.G. 08/10/2018) establece o

calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares de centros de educación non universitarios, a **XUNTA ELECTORAL** deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación viente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar **„SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS** , segundo as seguintes normas:

- 1.- De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a un pai /nai, , o outro pai será o representante da ANPA .
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 12 de novembro.
3. -Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderá ser presentadas ata as 14'00 horas do día 10 de novembro .

4. - O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 15 de novembro, ás 9:15

horas. Dita mesa electoral estará composta polo a Director a do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 04 ao 12 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estará a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. 6.

Poderá actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7. - As votacións realizaranse neste Colexio Público o día 23 de novembro, en rangos horarios que faciliten as votacións: de 09:10 a 09:40 horas; e de 16:00 a 16:30 horas . A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 09:00 horas.

8. - Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de un nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de a votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9. - Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

10. - Finalizada a votación procederase a escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para a seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11. - A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.